



4 poemas do livro *O tenro é o salvaxe* de Samuel L. París

19 de Maio, 2025

<https://quiasmo.net/2025/05/19/4-poemas-do-livro-o-tenro-e-o-selvaxe-de-samuel-l-paris/>

Gramática

Somos a peor primeira persoa plural.
Tan mal nos vai nesta cega vontade de vivir
que o normal sería quedarnos
na singularidade da segunda
e fitarnos cun “ei, ti” recíproco
descartándonos “eu”.
Ou brindarnos ao xúbilo da terceira singular,
aínda que case nin collesen nela a nosa carne,
o noso ímpeto
e o noso tempo.
Pero non podemos permanecer
nesta primeira persoa plural.
Ata a segunda plural nos é máis acaída,
coa súa necesaria,
oceánica
e confusa heteroxeneidade.
E hai quen nos observará como terceira plural,
como se nada,
como se non,
como se nunca-non-nada. Esquecibles.
Non é a túa sede, non son os ceos da miña mente,
mais procuremos outra categoría,
agora que vivimos.
Indeterminémonos!
Indefinámonos!

Cadaquenéame! Entrambémonos! Quenquéreme!
Acompáñame prepositiva cara a,
ou deica,
como un excepto.
Salvémonos pola conxunción
e...

*

Arma tristemente ambiciosa

Esta é a miña arma tristemente ambiciosa
Cody Lundin

No medio da xungla,
debaixo do escritorio da oficina,
sobre as pólas do carballo ardendo,
a corenta millas da liña da costa,
na exquisita demolición da ponte interestatal,
entre os cairos da besta,
canda a idea-instinto no desastre nacente,
ante a descorada guerrilla que desafia o furacán.

Onde deteñas a mirada
hasme encontrar
cun pau tristemente afiado
apuntando na túa dirección.

*

Todas as metáforas

Porque a literatura non se detén
chegará o momento
no que teremos escrito
todas as metáforas posibles.
Todas.
No que todo teña sido todo.
Isto e aquilo? O mesmiño.

E os dentes da persoa amada
terán sido perlas,
pero tamén sarabia,
folerpas extintas

e gardas civís.
Picoletos;
innecesario, pero si.

E o tempo? Río.
E a morte? Ese mar.
Pero tempo e morte terán sido
eucaliptos bilingües,
néboas silentes,
o eco do rinoceronte desfalecendo
no aparcadoiro do centro comercial que abandonamos
aquela tarde.

Todo terá sido todo.

As palabras: coitelas ou landras.
O amor: lume ou croquetas de chopo.
A desilusión: nube negra
ou a nube que agochabas
coas mans ben altas.

Todo.

E nós.
Nós teremos sido todo.
A esaxeración do volcán
que modifica os indicios da amargura
ou a herba de san Xoán debuxada en formigón.

Quen nos salvará da metáfora?
Quen nos gorecerá do tropo?

Eu,
a verdade,
penso que serás ti,
desligada como andas,
camiño da praia,
esquivando as silvas
para que o vestido que mercaches
na feira este martes
dure, polo menos,
un verán máis.

*

Mirei nos teus ollos

Mirei nos teus ollos
e non vin nada.

Miraches nos meus
e viches unha praia.

Miraches na praia
e viches unha bolsa.

Miraches na bolsa
e non che gustou o que viches.